

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VODAS CIVÍS

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de vodas, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, pola que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de vodas, en dependencias municipais ou na Casa consistorial, entendéndose que se produce a prestación do servizo cando se celebra o matrimonio civil ante o alcalde ou concelleiro en quen delegue.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas que solicitan este servizo, enténdendose por tales os contraentes, que quedan obrigados solidariamente.

ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA

Corresponde abonar pola prestación do servizo regulado nesta ordenanza:

- a) Se a voda se celebra na Casa Consistorial: 60,00 €
- b) Se a voda se realiza fora da Casa Consistorial: 60,00 €

ARTIGO 5.- DEVENGO

A taxa devéngase no momento en que se solicita a prestación do servizo.

ARTIGO 6.- INGRESO

As cotas desta taxa liquidaranse na presentación da solicitude en calidade de depósito previo.

No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo procederase á devolución de oficio do 50% do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

As solicitudes presentaranse no rexistro municipal, como mínimo con quince días de antelación á celebración do matrimonio que deberá estar previamente autorizado polo Xulgado de Paz de Sanxenxo.

A cerimonia celebrarase, con carácter xeral os sábados en horario de 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas, podendo ser outro día da semana, según a dispoñibilidade do órgano competente.

Atenderase ao orde cronolóxico das solicitudes, determinándose un mínimo de media hora para cada cerimonia.

Unha vez se coñezan con certeza o nome das testemuñas, maiores de idade (non hai padriños) que han de intervir no acto, facilitaranse ao concello os nomes e o documento nacional de identidade.

Autorízase ata un máximo de dous coches para poder estacionar ante a porta de acceso principal da Casa Consistorial, ocupados exclusivamente polos contraentes.

O espazo dispoñible para os invitados será o baixo de entrada municipal sen que quede permitido o acceso ao resto das dependencias municipais.

Unicamente se admiten adornos florais, requirindo autorización previa calquera outra decoración especial.

Os contraentes serán responsables de calquera desperfecto que puidera producirse como consecuencia da cerimonia e que sexa causa directa dos mesmos ou dos asistentes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada a 29.10.12, entrará en vigor a partir do 01.01.2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia Nº 243 de data mércores día 19 de decembro de 2012.